

Nick (Usuario): _____

Data: _____

OS ANIMAIS

Os animais vertebrados

Completa:

cabeza cartilaxe columna vertebral corpo cranio esqueleto interno
extremidades movementos órganos ósos tronco

Os animais vertebrados caracterízanse por ter un _____ ríxido que está formado por moitas pezas que se articulan entre si. O esqueleto ten tres funcións: permite realizar _____, sostén e dálle forma ao _____ e protexe os _____.

O esqueleto dos animais vertebrados está formado por _____, agás as lampreas, as quenllas e as raias que teñen un esqueleto formado por _____. No esqueleto de todos os vertebrados distinguimos a _____ e o _____. O corpo dos animais vertebrados está dividido en varias partes: _____, _____ e _____.

Completa.

Os animais vertebrados divídense en cinco grandes grupos: mamíferos, aves, réptiles, anfibios e peixes. Características xerais:

Os mamíferos.

Extremidades:	Fecundación:	Reprodución:
Temperatura:	Respiración:	Pel:

As aves.

Extremidades:	Fecundación:	Reprodución:
Temperatura:	Respiración:	Pel:

Os peixes.

Extremidades:	Fecundación:	Reprodución:
Temperatura:	Respiración:	Pel:

Os anfibios (na idade adulta).

Extremidades:	Fecundación:	Reprodución:
Temperatura:	Respiración:	Pel:

Os réptiles.

Extremidades:	Fecundación:	Reprodución:
Temperatura:	Respiración:	Pel:

Contesta.

- * Case todos son terrestres. Uns poucos son mariños ou voadores.
- * Son mamíferos non vivíparos pois a súa reprodución é mediante ovos.
- * Teñen ósos ocos.
- * Teñen vexiga natatoria coa que controlan a profundidade á que se sitúan.
- * Transformación que sofren os anfibios durante o seu desenvolvemento.
- * Cando son larvas respiran por branquias.
- * Dependendo da temperatura do ambiente á que estean os seus ovos, nacerán machos ou femias.
- * Proceso de cambio de pel ou escamas nos réptiles.
- * Larva das rás.
- * Aves carnívoras que se alimentan de animais mortos.

Completa:

herbívoros carnívoros omnívoros


Os animais que se alimentan doutros animais son

Os animais que se alimentan doutros animais e de plantas son

Os animais que se alimentan de plantas son

Os animais invertebrados

Arrastra ao seu lugar



Escolle. Que dúas características teñen en común todos os animais invertebrados?

Teñen esqueleto interno con columna vertebral.

Non teñen esqueleto interno con columna vertebral.

Son ovíparos, é dicir, que se reproducen por ovos.

Todos poden voar.

Completa.

acuáticos antenas articuladas corpo endurecida muda terrestres voar

Os artrópodos teñen o articulado. Teñen a pel e cando precisan medrar cámbiana por outra. A isto chamámoslle . Poden vivir na auga, é dicir, ser e tamén poden ser t . Algúns poden . As súas patas son e moitos deles teñen .

Di a que clase de artrópodo nos referimos.

- Teñen o corpo dividido en cefalotórax e abdome e teñen oito patas.
- Teñen o corpo dividido en cabeza, tórax e abdome, seis patas e dúas antenas. A maioría teñen ás e algúns son sociais.
- Teñen o corpo dividido en cabeza e tronco (este dividido en aneis), moitas patas e antenas.
- A maioría son mariños. Teñen o corpo dividido en cefalotórax e abdome. Teñen antenas e, a maioría, dez patas.

Completa.

acuáticos brando comestibles cuncha interna musculoso terrestres

Os moluscos teñen un corpo e . Poden ter unha externa, unha cuncha ou non ter. A maioría son aínda que tamén hai algúns que son . Algúns deles son .

Di a que clase de molusco nos referimos.

Todos son mariños.

Os seus ollos localízanse en tentáculos.

Algúns poden segregara unha tinta negra para agocharse.

Son acuáticos e a maioría viven na area ou suxeitos ás rochas.

Teñen unha coroa de tentáculos xunto á cabeza.

Moitos teñen cuncha externa dunha soa peza e con forma de espiral.

Posúen unha cuncha formada por dúas pezas chamadas valvas.

Teñen un cerebro moi desenvolvido.

Selecciona os insectos.

mosca araña cempés bolboreta abella miñoca lura caracol formiga

Selecciona os moluscos.

ameixa araña cempés bolboreta polbo miñoca lura caracol formiga

Selecciona os moluscos bivalvos.

ameixa navalla cempés lesma polbo vieira lura caracol mexillón

Selecciona os vermes.

lombriga navalla cempés lesma polbo miñoca lura caracol samesuga

Contesta

Onde viven os vermes?

Como teñen a pel os vermes?

Que tipo de simetría posúen os celentéreos?

Que tipo de alimentación teñen os celentéreos?

De que teñen cheo o corpo os poríferos (esponxas)?

Cantas patas teñen os insectos?

Como está dividido o corpo dos insectos?

Escribe V (verdadeiro) ou F (falso)

As esponxas teñen o seu corpo distribuído con simetría radial. ☐

Todos os equinodermos son mariños. ☐

As medusas son as únicas do seus grupo de invertebrados que se poden mover. ☐

O corpo dos corais é brando. ☐

Algúns tipos de vermes poden causar enfermidades. ☐

Os insectos non teñen antenas. ☐

Os gasterópodos acuáticos respiran por branquias e os terrestres por pulmóns. ☐

O nautilo é un molusco. ☐

A zamburiña, o mexillón, a navalla... son gasterópodos. ☐

Os animais invertebrados son o grupo menos numeroso e presente na terra. ☐

Arrastra

arácnido

crustáceo

insecto

miriápodo

